

Informe de inicio do expediente de contratación: servizo de deseño e execución do proxecto CORUÑA DIXITAL

Obxecto do contrato: Deseño e execución do proxecto CORUÑA DIXITAL

Xustificación da necesidade da contratación: dinamizar a cultura dixital da cidade, cos seguintes obxectivos:

- Facilitar a participación activa da cidadanía en novas prácticas culturais e creativas.
- Crear espazos de conexión entre persoas, ideas e ferramentas dixitais.
- Realizar pedagogía da colaboración e da participación nas prácticas culturais.
- Poñer en valor as colaboracións interdisciplinares entre persoas con distintas competencias e grao de experiencia.
- Promover a consolidación de colectivos estables e autónomos a medio prazo.
- Potenciar ou emprendemento sustentábel de novos proxectos sociais, creativos, culturais e profesionais da cidade.
- Inventariar e activar recursos e espazos municipais a disposición da cidadanía.
- Favorecer reflexións críticas sobre necesidades e retos de cidade.

Procedemento de contratación polo que se opta e xustificación da elección: O procedemento polo que se opta é o aberto simplificado xa que o valor estimado é inferior a 100.000 euros e non supera a porcentaxe do 25% de valoración de criterios subxectivos

Insuficiencia de medios propios para realizar a prestación nos contratos de servizos. Non existen medios no servizo para levar a cabo as accións do contrato

Aínda que o servizo componse de distintas prestacións, deseño e execución, para a correcta execución do contrato, que ten un único obxecto e finalidade, considérase necesario que o realice a mesma empresa, e non dividir o obxecto en lotes.

Xustificación da elección da fórmula proposta para os criterios de valoración aritméticos: os criterios de valoración establecidos garantizan a calidade do servizo que poda ofrecer a adxudicataria.

Valoración sobre as repercusións de cada contrato no cumprimento pola entidade local dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. O contrato non repercute na estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira da entidade local xa que existe crédito necesario e suficiente na aplicación 50.334.226.09 do orzamento municipal en vigor, e preverase a prórroga para o 2019.

A oferta económica a presentar polas empresas no sobre correspondente, terá que estar desglosada por los distintos conceptos que comprende o contrato.

A xefa Servizo de Cultura
Teresa Somoza Quintero